


Tarefa 4.- O café á temperatura axeitada

Trátase de programar o mBot para que mida a temperatura do noso café, e nos mostre o resultado en ºCentígrados (Celsius), se o café está moi quente, enfriarao ata que acade a temperatura ideal para tómallo sen queimarnos, e avisaranos cando esteña listo para tomar.

Empregaremos os seguintes elementos do mBot e mBlock

- A placa mCore –**control**–
- A sonda ou sensor de temperatura- **entrada**- conectada ao Slot2 dun adaptador para portos RJ25 conectado ao **porto 4**. O rango de temperatura que mide esta sonda está entre -55ºC e +125ºC.
- Mini ventilador conectado ao **porto 2**. –**saída**–
- Un display de 7 segmentos e 4 números conectado ao **porto 3**. Tamén podemos empregar a matriz de LEDs conectada ao **porto 3**. Nestes dispositivos de **saída** mostrárase o valor de temperatura medido.


Para a programación empregaremos os seguintes bloques;



Será necesario crear unha “**variable**” a que chamaremos **Temperatura** en ºC (lembramos que crearemos unha variable para todos aqueles valores que poidan variar-cambiar- no tempo, neste caso aquel valor que se obtén da sonda de temperatura)


Usaremos o bloque **condición** “**Se Entón**” combinado cos operadores matemáticos

De xeito que se a temperatura é maior de 50ºC funcione o mini-ventilador para arrefiar o café, e cando acade esa temperatura, nos avise de que está listo para tomar (mediante son ou luces, ou ambos)




Garda o programa co nome **Tarefa4.-A temperatura do café**

Serías quen de programar o mBot para que te avise cando o café está listo para tomar?

Solución 1.- Arrefía o café ata os 50 ºC.**Solución 2.- Arrefía o café e avísanos cando está listo.**

Solución 1.- Arrefía o café ata os 50 °C.



Solución 2.- Arrefía o café e avísanos cando está listo.

